

VERÁN 2021

CampUSC



FUNDACIÓN

USC

BASES DE PARTICIPACIÓN



1. PRESENTACIÓN

O programa Verán CampUSC 2021, organizado pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela (anteriormente Fundación USC-Deportiva), é unha actividade que ten lugar no período non lectivo do verán (agás o mes de agosto) co fin de conciliar a vida laboral e familiar tanto da comunidade universitaria da USC coma do público xeral.

Neste programa, no que colaboran a Universidade de Santiago de Compostela a través da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos e o Concello de Santiago de Compostela, os rapaces e rapazas participantes coñecerán unha importante base de actividades deportivas tradicionais e alternativas, ademais de realizar diferentes obradoiros e actividades e saídas culturais.

Todas as actividades están especialmente dirixidas ás idades e desenvolvemento psíquico-físico das persoas participantes e todas elas desenvolven tamén, de xeito transversal, valores de disciplina, esforzo, perspectiva de xénero, integración, hixiene e respecto ás normas.

Esta edición do Verán CampUSC contará con certas diferenzas con respecto a outras edicións debido á situación sanitaria actual e aproveitaremos todo o aprendido durante a edición de 2020.

Desde a organización coordinamos con especialistas todas as medidas de seguridade, de prevención da saúde e de hixiene que a situación require para coidar ao máximo a saúde tanto dos participantes coma do persoal que dinamizará o programa. Os especialistas aos que nos referimos son: servizo de prevención de riscos laborais, servizos de vixilancia da saúde, autoridades sanitarias e asesoría xurídica en canto á normativa, protocolos de actuación e lexislación.

Así mesmo, antes do inicio da actividade, as familias participantes recibirán toda a información do desenvolvemento da actividade relativa ás medidas implantadas para a seguridade de todo o colectivo que formará parte do programa.

Antes do comezo do Verán CampUSC completaranse estas bases de participación cuns anexos que conterán os protocolos de actuación para a adaptación do programa Verán CampUSC ás directrices das autoridades competentes en relación coa Covid-19. Polo tanto, é posible que tanto antes do inicio como durante a actividade, se as directrices das autoridades sanitarias ou da Comunidade Autónoma de Galicia cambian, tamén se teñan que adaptar tanto as bases e os anexos coma os protocolos. Se hai algún cambio, será publicado na páxina web da Fundación e remitido por correo electrónico ás familias participantes.

2. DESTINATARIOS E DESTINATARIAS

O programa está dirixido aos nenos e nenas nados/as entre os anos **2004 e 2017** (ambos incluídos), fillos/as de:

- Persoal da USC
- Estudantado da USC
- Público en xeral
- Persoal da Fundación USC
- Asistentes a congresos ¹

No formulario de inscrición deberá indicar se o rapaz ou rapaza ten calquera tipo de enfermidade e/ou discapacidade. Estes datos só se tratarán co fin de facilitar os apoios e as adaptacións necesarias para o mellor desenvolvemento das actividades e para unha posible reunión previa.

O programa non dispón de persoal sanitario, polo que non se responsabiliza da administración de calquera tipo de medicación.

3. HORARIO E LUGAR DO PROGRAMA

O programa terá lugar de luns a venres (agás festivos) de **8:45 a 14:45 horas**, polo que a responsabilidade do control e coidado dos participantes polos monitores e monitoras responsables comprenderá esa franxa horaria.

O Verán CampUSC 2021 está dividido nas seguintes quendas:

1ª quenda	Do 23 ao 30 de xuño de 2021
2ª quenda	Do 1 ao 9 de xullo de 2021
3ª quenda	Do 12 ao 23 de xullo de 2021
4ª quenda	Do 26 ao 30 de xullo de 2021
5ª quenda	Do 1 ao 8 de setembro de 2021 ²

¹ As persoas inscritas nos congresos da USC poderán solicitar a asistencia ao programa nos días en que se desenvolva o congreso no que estean matriculadas.

² As bases iniciais indicaban que a duración da 5ª quenda sería do 1 ao 7 de setembro. Unha vez coñecido o calendario do curso escolar 2021/2022 en Educación Infantil e Primaria, ampliase a quenda ata o día 8 (ver actualización de prezos).

O programa Verán CampUSC 2021 desenvolverase no campus Sur de Santiago de Compostela nas instalacións deportivas da USC e noutras acordadas segundo as actividades planificadas.

A FUNDACIÓN ESTABLECERÁ UNHA COORDINACIÓN COA USC PARA CUMPRIR COS PROTOCOLOS DE HIXIENE E PREVENCIÓN DAS INSTALACIÓNS ONDE SE DESENVOLVERÁN AS ACTIVIDADES EN RELACIÓN COA COVID-19.

A organización dos grupos dependerá de tres criterios fundamentais:

1. Instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias sobre o desenvolvemento e organización dos programas de conciliación.
2. Instrucións e recomendacións da comunidade autónoma.
3. Idades e características individuais dos nenos e nenas inscritos e inscritas.

Os **lugares de chegada e saída** das persoas participantes serán o **Pavillón Polideportivo Universitario**, sito na rúa Joaquín Díaz de Rábago s/n ou o **Estadio de Atletismo**, na avenida de Novoa Santos s/n, dependendo do grupo que lle corresponda ao neno ou nena inscrito/a e que se lle indicará antes do inicio.

Se por algún motivo das adaptacións necesarias nesta edición houberse que utilizar outra instalación para a chegada e saída, sería comunicada previamente. Esta sempre sería na contorna do Campus Sur.

4. NÚMERO DE PRAZAS

As prazas ofertadas serán 120 por quenda. Estas prazas estarán reservadas da seguinte maneira segundo a categoría e idades:

Rapaces/as nacidos/as entre 2008 e 2017 fillos/as da comunidade universitaria (persoal e estudantado da USC) e persoal da Fundación USC	70 prazas
Rapaces/as nacidos/as entre 2008 e 2017 fillos/as do público xeral (familias sen vinculación coa comunidade universitaria)	30 prazas
Rapaces/as nacidos/as entre 2004 e 2007 fillos/as da comunidade universitaria (persoal e estudantado da USC) e persoal da Fundación USC	14 prazas
Rapaces/as nacidos/as entre 2004 e 2007 fillos/as do público xeral (familias sen vinculación coa comunidade universitaria)	6 prazas

A Fundación USC garante unha adecuada organización do programa en condicións óptimas para o número de prazas.

5. CANCELACIÓN DO VERÁN CampUSC 2021

O Verán CampUSC 2021 desenvolverase se houbera unha demanda suficiente de participantes que poida garantir a estabilidade económica da actividade e o éxito en termos deportivo-educativos e de lecer.

O programa poderase suspender por calquera dos seguintes motivos e procederase á devolución das cotas pagadas ou á parte proporcional en caso de que a actividade xa tivese iniciado:

1. Se as autoridades sanitarias ou a comunidade autónoma nalgún momento emiten algunha instrución contraria á celebración deste tipo de actividades.
2. Se non houbera demanda suficiente.

O grupo de rapaces e rapazas nados/as entre 2004 e 2007 só se levará a cabo no caso de haber un mínimo de dez persoas inscritas por quenda. Este grupo se anulará en cada quenda que non acadase o mínimo, procedendo á devolución do importe proporcional aboado.

6. PREINSCRIPCIÓN E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

Dende o **26 de abril ao 12 de maio** de 2021 estará aberto o **período de preinscripción** para todo tipo de solicitantes. A preinscripción farase cubrindo o cuestionario establecido a tal efecto na páxina web da Fundación: www.fundacionuscdeportiva.org. En caso de haber máis solicitudes por quenda que prazas dispoñibles, utilizarase o seguinte **criterio de selección**:

1º	Nenos e nenas inscritos no programa completo (5 quendas).
2º	Familias solicitantes con maior número de días totais nos que se inscribe.
3º	Familias con maior número de fillos e fillas inscritos e inscritas.
4º	Cando haxa máis solicitudes que prazas estando inscritas no mesmo número de días/fillos, terán preferencia as familias numerosas e as monoparentais ³ .
5º	Número total de quendas nas que participou a familia nas edicións do Verán CampUSC de 2019 e 2020.
6º	No caso de haber un grupo de solicitudes en igualdade de condicións para os que as prazas libres dispoñibles non sexan suficientes, ditas prazas serán adxudicadas por sorteo.

Para cubrir o formulario de preinscrición deberá achegar os seguintes **documentos** escaneados (pdf ou jpg) e subilos no propio formulario:

- Libro de familia
- Título de familia numerosa (se corresponde)
- Documento xustificativo de ser familia monoparental (se corresponde)

O **19 de maio**, como data límite, publicaranse na web da Fundación as **listas provisionais de persoas admitidas en cada quenda**. A Comisión de Seguimento poderá solicitar documentación acreditativa para elaborar estas listas.

Os días **20 e 21 de maio** terá lugar un período de reclamacións e corrección de erros nas listaxes publicadas. As reclamacións faranse no correo info@fundacionuscdeportiva.org.

O **24 de maio** publicaranse na web da Fundación USC as **listas definitivas de persoas admitidas en cada quenda**.

A comisión de seguimento do programa resolverá aquelas cuestións que na organización e distribución de prazas puideran xurdir sobre a interpretación das bases máis calquera outra cuestión que pola súa índole precise dalgunha resolución. Esta comisión está composta por:

- Coordinador ou coordinadora do programa Verán CampUSC
- Xerente da Fundación USC
- Representante da Oficina de Igualdade de Xénero da USC

A Fundación USC resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos nenos e nenas que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores non respecten as bases e as normas básicas de convivencia e colaboración. Antes de tomar unha decisión, daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou titores dos menores.

Os nenos e nenas que acudan ao Verán CampUSC deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados a súa idade (respecto aos monitores e monitoras, coidado do material, hábitos hixiénicos, etc.). De non ser así, o esforzo dos monitores e monitoras estará

³ A estes efectos, non se considerarán familias monoparentais as persoas divorciadas ou separadas que perciban unha compensación económica do outro proxenitor ou proxenitora.

encamiñado a informar aos pais, nais ou titores deste feito para realizaren a adecuada labor educativa conxunta.

7. INSCRICIÓN

Os admitidos e admitidas no período de preinscrición poderán formalizar a súa praza cubrindo o formulario de inscrición e efectuando o pagamento dende o momento da publicación das listas definitivas **ata o 6 de xuño**. No caso de que o número de preinscricións de comunidade universitaria nalgunha quenda fose inferior ao número de prazas reservadas, e o mesmo no caso do público xeral, quedará aberto tamén neste momento o prazo de inscrición para quen non teña feita preinscrición, ata cubrir as prazas vacantes.

O **7 de xuño** comunicarase a través da web en que quendas quedan prazas dispoñibles. A partir dese momento as prazas, abertas a todos os públicos, iranse cubrindo por rigorosa orde de inscrición.

As persoas inicialmente admitidas no período de preinscrición que non formalicen a praza antes do 6 de xuño, perderán a súa reserva de praza e só poderán inscribirse posteriormente no caso de que aínda houbera prazas libres.

As listaxes de persoas admitidas están elaboradas tendo en conta a preinscrición feita. No caso de que finalmente desexe inscribirse en menos quendas (ou a menos fillos/as) das que figuran na preinscrición, debe consultar previamente coa Fundación xa que podería modificarse a súa situación nas listaxes e pasar á lista de agarda.

Como formalizar a inscrición

Todas as persoas **deben cubrir o formulario de inscrición** que figura na páxina web da Fundación. Este formulario non estará operativo ata o día de apertura da inscrición.

Para cubrir o formulario de inscrición deberá achegar os seguintes **documentos** escaneados (pdf ou jpg) e subilos no propio formulario:

- Copia do libro de familia (debe aparecer o nome do proxenitor/a que fai a inscrición e do neno ou nena inscrito/a)
- Foto tipo carné
- Tarxeta sanitaria
- DNI do neno/a (se ten)

O pagamento poderá facerse de dúas formas:

PAGAMENTO EN LIÑA

Pódese pagar con tarxeta de crédito a través da pasarela en liña da nosa páxina web. Neste caso non é necesario achegar ningún xustificante.

No formulario de inscrición deberá marcar esta opción de pago, aínda que o pago non se pode facer dende o formulario directamente. **O pago débese facer dende o enlace que figure na nosa páxina web.**

TRANSFERENCIA BANCARIA

Pode optar por facer unha transferencia ou ingreso nalgún dos seguintes números de conta:

Caixa Rural Galega	ES82 3070 0035 2660 6938 4920
Abanca	ES07 2080 0388 2730 4000 0932

Neste caso deberá achegar o xustificante da transferencia no formulario de inscrición.

Unha vez que na Fundación USC recibamos o formulario de inscrición e comprobemos que o importe abonado é o correcto, recibirá un correo electrónico de confirmación da súa inscrición.

No caso de facer a inscrición cando xa non queden prazas, procederase á devolución do importe abonado.

IMPORTANTE (para pagamento en liña ou transferencia bancaria): No concepto do ingreso bancario deberá aparecer o nome e apelidos do rapaz ou rapaza, así como as quedas nas que se inscribe (no pagamento en liña faise no apartado de “Beneficiario”, utilizando os seguintes códigos:

Q1	Do 23 ao 30 de xuño de 2021
Q2	Do 1 ao 9 de xullo de 2021
Q3	Do 12 ao 23 de xullo de 2021
Q4	Do 26 ao 30 de xullo de 2021
Q5	Do 1 ao 8 de setembro de 2021

Por exemplo: LARA PÉREZ PÉREZ Q1 – Q2

Durante o proceso de inscrición a Fundación USC poderá solicitar aos pais/nais/titores que indican que son persoal da USC, que acrediten dita vinculación de forma documental.

Aceptación das condicións de participación

Unha vez publicados na nosa web os protocolos de actuación para a adaptación do programa Verán CampUSC ás directrices das autoridades competentes en relación coa Covid-19, as familias deberán enviar por correo electrónico a info@fundacionuscdeportiva.org o documento de aceptación das condicións de participación que acompañará a estes protocolos asinado correctamente.

7. CUSTO DO PROGRAMA

Os prezos especiais por varias quendas ou varios irmáns só se aplicarán cando se fagan nunha única inscrición. No caso de inscribirse a unha quenda e posteriormente a outra, non se aboará a diferenza, senón o prezo completo de ambas quendas. Aplicarase o mesmo no caso de inscribir a varios irmáns.

PREZO UNHA QUENDA	1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
23-30 xuño	90	165	237
1-9 de xullo	105	193	276
12-23 xullo	150	275	395
26-30 xullo	75	138	197
1-8 setembro ⁴	90	165	237

⁴ As bases iniciais indicaban que a duración da 5ª quenda sería do 1 ao 7 de setembro. Unha vez coñecido o calendario do curso escolar 2021/2022 en Educación Infantil e Primaria, ampliase a quenda ata o día 8 coa actualización correspondente do prezo.

PREZO VARIAS QUENDAS					1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
1ª	2ª	3ª	4ª	5ª			
X		X			222	409	587
	X	X			236	435	624
X	X	X			313	576	826
X	X		X		250	460	661
X	X			X	250	460	661
X		X	X		292	537	771
X		X		X	292	537	771
X			X	X	222	409	587
	X	X	X		306	563	808
	X	X		X	306	563	808
	X		X	X	236	435	624
		X	X	X	278	512	734
X	X	X	X		381	701	1.006
X	X	X		X	381	701	1.006
X	X		X	X	313	576	826
X		X	X	X	354	651	934
	X	X	X	X	367	676	970
PROGRAMA COMPLETO					424	781	1.120

Custo por día solto e neno ou nena para asistentes a congresos da USC: 18 €. Este prezo só se aplicará os días nos que teña lugar o congreso ou curso de verán no que o pai ou nai estea inscrito.

8. RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DOS INGRESOS

As cantidades pagadas só serán devoltas cando non se poida utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado ou interesada. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos

xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades pagadas.

9. ACTIVIDADES

A programación do Verán CampUSC 2021 contempla un amplo abano de actividades deportivas e de ocio e tempo libre planificadas atendendo a criterios psicopedagóxicos e de perspectiva de xénero.

É importante destacar que todas as sesións do Verán CampUSC teñen como obxectivo ofertar unha ampla variedade deportiva baseada no respecto e na igualdade entre nenos e nenas para que, nun futuro, lles permita practicar deporte de forma autónoma, duradeira e pracenteira.

Nas actividades dirixidas aos rapaces e rapazas máis pequenos búscase desenvolver a habilidade motora para a mellora do equilibrio, saltar, realizar os primeiros lanzamentos, mellorar a coordinación óculo-manual e o desenvolvemento motor fino e, en xeral, acadar unha maior autonomía nos movementos.

Nas actividades que realizan os rapaces e rapazas a partir dos 7 anos trabállase a motricidade xeral, a estruturación espazo-temporal e a combinación de patróns motrices básicos como correr ou saltar con destrezas motrices máis complexas como o manexo de obxectos, golpeos ou lanzamentos. Neste grupo de idade combínanse tanto deportes tradicionais (atletismo, balonmán, béisbol...) coma deportes alternativos (quidditch, fortnite, ultimate frisbee...).

O grupo de rapaces e rapazas de 14 a 17 anos fará actividades especialmente dirixidas a estas idades e participará de forma activa na súa planificación.

Os horarios e a programación das actividades de cada quenda faranse en función das idades dos nenos e nenas polo que non todos os rapaces e rapazas farán as mesmas actividades.

A programación detallada publicarase na web da Fundación antes do comezo de cada quenda.

ANEXO I. PLAN DE ADECUACIÓN DO VERÁN CampUSC CON MOTIVO DA COVID-19

1. Compromiso conxunto

Establécese un compromiso conxunto entre a Fundación USC, como entidade organizadora do Verán CampUSC, as familias e os propios nenos e nenas participantes para que o desenvolvemento da actividade poida realizarse coas máximas garantías posibles.

Deste xeito, **non poderán participar no Verán CampUSC** as persoas que se atopen na seguinte situación, que será aplicable tanto para o equipo técnico como para os nenos e nenas participantes:

- Aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19.
- Aquelas ás que se lles diagnostique a enfermidade e non finalizasen o período de illamento.
- Aquelas que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

Por outra banda, aqueles rapaces e rapazas participantes que presenten condicións de saúde que lles fan máis vulnerables para a COVID-19, poderán tomar parte na actividade, sempre que a súa condición clínica estea controlada e llo permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa.

2. Actuación ante a sospeita dun posible caso de COVID-19 dunha persoa participantes na actividade

- A identificación dun posible caso sospeitoso da COVID-19 poderá realizarse de dúas maneiras:
 - o Identificación por observación por parte dalgún membro do equipo de traballo.
 - o Notificación por parte dunha familia.
- Se algún membro do persoal técnico observa síntomas nalgunha persoa participante, o director da actividade informará á familia ou titores legais.
- A persoa con sintomatoloxía illarase do resto do grupo e colocaráse unha máscara.
- A organización e a familia contactarán cos teléfonos habilitados (900 400 116) ou co centro de atención primaria para seguir os protocolos establecidos ao respecto.
- Existirá un rexistro das persoas que forman os subgrupos para permitir, ante un posible caso, a trazabilidade e adopción temperá de medidas nos contactos estreitos.

3. Actuación ante a sospeita dun posible caso de COVID-19 dunha persoa do equipo de traballo

- A identificación dun posible caso sospeitoso da COVID-19 poderá realizarse da seguinte maneira:

- Notificación directa da persoa do equipo de traballo ao director do programa Verán CampUSC conforme ten sintomatoloxía.
- A persoa traballadora, se non está na actividade, non se incorporará ao traballo avisando inmediatamente ao director. En caso de presentar síntomas durante a actividade, deberá illarse e colocar unha máscara.
- Contactará cos teléfonos habilitados (900 400 116) ou co centro de atención primaria para seguir os protocolos establecidos ao respecto.

4. Formación e información:

O equipo técnico contará con formación para adaptar as actividades ás medidas e recomendación marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento físico, emprego de máscara, ventilación dos espazos pechados, vías de transmisión do SARS-CoV-2, síntomas frecuentes, etc.).

O monitorado promoverá actividades sen contacto físico e primará as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo.

A formación do equipo técnico incluírá as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidoalcohólico, a colocación correcta da máscara, etc.

O monitorado ensinaralles aos rapaces e rapazas participantes, o primeiro día de actividade, todos estes procedementos.

5. Configuración dos grupos:

A configuración dos grupos no Verán CampUSC respectará as limitacións establecidas polas autoridades sanitarias e se atenderá ao disposto na normativa que se publique no DOG ou naquela normativa oficial de obrigado cumprimento.

A división dos grupos será estrita e tendo en conta a data de nacemento dos rapaces e rapazas inscritos. Poderá darse o caso de que rapaces e rapazas pertencentes a un mesmo curso escolar estean en grupos diferentes e non poderán facerse cambios.

Cada grupo contará cun monitor ou monitora de referencia.

6. Actividades ao aire libre:

Á hora de deseñar a programación, tentarase que a maior parte das actividades se leve a cabo ao aire libre, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. De non ser posible, nas accións en espazos pechados porase especial atención ao distanciamento físico de 1,5 m e ao emprego de máscara.

ANEXO II. CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE

As persoas participantes no Verán CampUSC deberán mostrar a súa aceptación, por escrito e de forma previa, dos seguintes requisitos de participación (documento de aceptación das condicións de participación):

1. Declaración responsable:

Declaración responsable na que se acredite que a persoa participante non padece ningunha enfermidade contaxiosa e, nomeadamente, que non se atopa en ningún dos supostos enumerados no Anexo I, apartado 1, que dan lugar á non admisión na actividade.

2. Compromiso de notificación do estado de saúde:

Aceptación de notificar inmediatamente á Fundación calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade.

3. Aceptación das condicións de participación

Participando no Verán CampUSC estanse aceptando as condicións de participación publicadas nas Bases de Participación e nestes anexos.

É IMPRESCINDIBLE TER ENTREGADO ESTE DOCUMENTO ANTES DO PRIMEIRO DÍA DE ACTIVIDADE

ANEXO III. PROTOCOLO DE MEDIDAS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS

1. Medidas persoais

- Lémbrese a obriga de presentar a declaración responsable antes do inicio na actividade e de non asistir ao Verán CampUSC se se dera calquera das situación enumeradas neste

documento que dan lugar á non admisión na actividade, tanto o persoal monitor como as persoas participantes na actividade.

- Para favorecer a asimilación, comprensión e compromiso dos nenos e nenas participantes, o primeiro día organizarase unha dinámica lúdica-formativa, adaptada á franxa de idade, para que os rapaces e rapazas coñezan as diferentes medidas de prevención, hixiénico-sanitarias e os distintos protocolos que se deben seguir. Incidirase na propia hixiene persoal e no protocolo de detección: ante calquera síntoma vinculado coa COVID-19, será necesario que o comuniquen canto antes ao seu monitor ou monitora de referencia.
- Manterase a distancia interpersoal de seguridade sempre que sexa posible, priorizando aquelas actividades que faciliten este distanciamento.
- Aínda que se garanta a distancia interpersoal, o uso da máscara será obrigatorio para os nenos e nenas de 6 anos (incluídos) en diante ou o que indique a normativa en actualización posteriores.
- Na piscina, no momento do baño, non será obrigatorio o uso de máscara e seguiranse as normativas específicas neste tipo de instalacións.
- Os nenos e nenas participantes deberán traer a súa propia máscara á actividade. A organización contará con máscaras de substitución en caso de dano ou rotura da que os rapaces e rapazas traían de casa.
- Realizarase hixiene de mans frecuente e meticolosa, polo menos á entrada e saída de cada actividade, antes e despois de usar materiais compartidos, antes da merenda, e sempre despois de ir ao aseo. De ser posible, farase lavado de mans con auga e xabón. Cando non se poida utilizarase xel hidroalcohólico.
- Ao tusir ou esbirrar non se retirará a máscara e cubrirase a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usaranse panos desbotables para eliminar as secrecións respiratorias e tiraranse tras o seu uso a unha papeleira con tapa e pedal, facendo unha posterior hixiene de mans.
- Evitarase tocar os ollos, nariz e boca.
- Evitarase coller pertenzas alleas, así como o material do monitorado. Así mesmo, o monitorado procurará non compartir os seus medios particulares de traballo. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.

2. Medidas nas instalacións e espazos

- Contarase con sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade: sinalización en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, etc.
- Procederase a desinfectar o material empregado polos participantes antes dun novo uso.
- Existirán dispensadores de xel en todos os espazos comúns.
- Na medida do posible, manteranse as portas abertas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- As papeleiras serán con tapa e apertura de pedal.
- En todo momento cumprirase coa normativa COVID-19 que a USC ten contemplada nas súas instalacións.

ANEXO IV. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

1. Medidas organizativas nas instalacións e espazos

Respectaranse en todo momento os aforos aplicables ás actividades do sector do tempo libre que se veñen publicando periódicamente no DOG.

2. Medidas organizativas nas actividades

Dun xeito xeral, as actividades de ocio educativo e tempo libre son espazos de diversión, de formación, e tamén de fondo espírito convivencial. Neste sentido, a programación de actividades por parte de entidades, asociacións, empresas ou administración soen ser interactivas e participativas para conseguir a integración e inclusión de todos os nenos e nenas participantes, combinada cunha forte componente de educación en valores.

A situación actual fai necesario replantexar as tradicionais programacións de anos anteriores e adecualas ás normas actuais de distanciamento interpersoal e de emprego obrigatorio de máscara. É preciso realizar unha aposta decidida pola seguridade dos nenos e nenas participantes e monitorado, tratando de que a perda de calidade sexa a menor posible.

Para dar cumprimento a estas máximas, plantéxanse as seguintes pautas antes, durante e despois das actividades:

- Establécese unha recepción e recollida escalonada de participantes fixando unha franxa horaria de 45 minutos e dúas instalacións diferentes.
- Evítanse aglomeracións nos accesos, realizando a incorporación e a recollida de xeito ordenado e gardando a distancia de seguridade mínima de metro e medio.
- Só unha persoa adulta acompañará a cada neno ou nena participante.
- Os rapaces e rapazas participantes no Verán CampUSC estarán divididos en grupos burbulla. Cada grupo non terá contacto cos demais.